



Concello de Bueu

BANDO DA ALCALDÍA: OBRIGAS DE XESTIÓN DE BIOMASA

FÉLIX JUNCAL NOVAS, alcalde do concello de Bueu, no exercizo das atribucións recoñecidas no artigo 21.1 e) da Lei 7/1985, de 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, tendo en conta que o bando da alcaldía ten un profundo raizame no noso sistema local, que se configura como a forma máis directa de poñerse en contacto coa veciñanza, consonte dispoñen os artigos 1 e 7.3 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais , a todos os veciños do termo municipal **FAI SABER:**

Recórdaselles aos propietarios de parcelas que tanto no artigo 135 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia coma no artigo 332 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, sinálase expresamente **o deber de conservación que recae sobre os propietarios dos mesmos, e máis en concreto, a existencia do deber de conservar e manter o solo natural e, no seu caso, a masa vexetal nas condicións precisas que eviten a erosión e os incendios, impedindo a contaminación da terra, o aire e a auga, e as demais condicións que se determinen na lexislación vixente**, sen prexuízo do cumprimento das obrigas sinaladas por outras normas adicionais de protección que estableza a normativa aplicable.

As obrigas mencionadas con anterioridade alcanzan a totalidade do terreo, incluídos os frontes das parcelas, estean ou non delimitados por muros ou taludes, debendo quedar os mesmos limpos dos restos de masa vexetal que proveñan das parcelas, co fin de complementar as tarefas de limpeza realizadas sobre os marxes dos viais do termo municipal, co fin de garantir o correcto estado de conservación dos mesmos.

Neste senso, resultan de aplicación as medidas establecidas pola Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, e en concreto deberá darse cumprimento ao disposto nos artigos 21 e 22 da mesma, por remisión da disposición transitoria terceira da mesma Lei, resultando de cumprimento obrigado, durante todo o ano, para as persoas responsables xestionar a biomasa vexetal, de acordo cos criterios estipulados nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento,

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 Pontevedra. Tfno. 986390029. Fax: 986322099



Cod. Validación: 375XLXKDLLEGRY4PX6D5R4NNS | Corrección: <https://bueu.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



Concello de Bueu

nunha franxa de 50 metros perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable, arredor de edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, cámpings, gasolinerías e parques e instalacións industriais situados a menos de 400 metros do monte e arredor das edificacións illadas en solo rústico situadas a máis de 400 metros do monte. Con carácter xeral, na mesma franxa de 50 metros mencionada non poderá haber árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira.

Advírteselle que no caso de persistencia no incumprimento, iniciárase tamén o correspondente procedemento sancionador segundo o previsto no título VII da Lei 3/2007, polo órgano competente correspondente.

(Documento asinado dixitalmente á marxe)

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 Pontevedra. Tfno. 986390029. Fax: 986322099



Cod. Validación: 375XLXKDLLEGRY4PX6D5R4NNS | Corrección: <https://bueu.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2